




Área / Unidad ASISTENCIA SOCIAL AS0000B LAA		Documento 10517I0INV	
Código de verificación  4569 3B0H 0P35 6K4Y 0DXD		Expediente 105/2023/3469	
		Fecha 26-05-2023	
Asunto PROPOSTA CONVENIO GALEGO			Interesado FUNDACION AMIGO

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DA CORUÑA E A FUNDACIÓN AMIGÓ PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DUN PROGRAMA DE VIOLENCIA FILIO PARENTAL

REUNIDOS:

Dunha parte, D^a. Eudoxia María Neira Fernández, Concelleira delegada de Igualdade, Benestar Social e Participación (dependendo da delegación na Concelleira) do Concello da Coruña (en diante O CONCELLO), que actúa en nome e representación do Concello, con CIF P1503000J, de conformidade co que dispoñen o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia (en diante LALG) e o artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (en diante, LRBRL).

E doutra parte, D. Jose Antonio Morala Salamanca, maior de idade, en calidade de Director Territorial de Galicia da Fundación Amigó que foi nomeado en asemblea celebrada con data 24/09/2022, representa á entidade FUNDACIÓN AMIGÓ (en diante A ENTIDADE) con NIF G81454969 e con domicilio social en R/San Rosendo 11-3, 15007, A Coruña, cuxos estatutos constan aprobados con data 05/02/2018.

As dúas partes recoñécense entre si a capacidade xurídica suficiente e o poder bastante para obrigarse neste convenio e, para este efecto,

EXPOÑEN:

1. Que O CONCELLO, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. En todo caso, exercerá competencias nos termos da lexislación



do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de avaliación e información de situacións de necesidade social e atención inmediata a persoas en situación de risco de exclusión social (art. 25.2e da LRBRL). Asemade, o artigo 80.2 da LALG sinala como competencias municipais “a execución de programas propios destinados á infancia, mocidade, muller e terceira idade”.

2. Que a Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia establece que corresponde aos concellos, no marco da planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais, entre outras, as competencias de creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos, a colaboración no fomento dos servizos sociais especializados no ámbito local así como a promoción e coordinación dos servizos sociais.

3. Que a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (en adiante LXS), no seu artigo 2.1, entende por subvención toda disposición dineraria realizada polas entidades que integran a Administración Local a favor de persoas públicas ou privadas e que cumpra os seguintes requisitos: que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios, que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, á execución dun proxecto, á realización dunha actividade, á adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por realizar, ou a concorrencia dunha situación, debendo o beneficiario cumprir os deberes materiais e formais establecidos. O proxecto financiado deberá ter por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

4. Que A ENTIDADE, é unha organización sen ánimo de lucro que establece nos seus Estatutos que o seu obxecto e finalidade é a investigación, formación, sensibilización, asistencia e cooperación técnica nos campos educativos e sociais para o desenvolvemento humano, a calidade de vida e o melloramento da prevención, asistencia, integración e rehabilitación das persoas excluídas e vulnerables, especialmente de nenas, nenos, mozos e adolescentes que sofren abandono, marxinación, alcoholismo, drogadicción, delincuencia, malos tratos, illamento e pobreza no Estado Español e/o estranxeiro.

5. Que A ENTIDADE é unha organización privada que por razón da súa actividade non queda en relación de dependencia respecto do Concello. Polo tanto, este non será responsable nin directa nin subsidiariamente dos danos materiais, persoais ou morais que, por acción ou omisión de calquera clase puidesen producirse durante o desenvolvemento da actividade.

6. Que O CONCELLO entende que a actividade da ENTIDADE é de interese social e xeral para o conxunto da comunidade e, en consecuencia, o orzamento municipal para este ano recolle unha



subvención de carácter nominativo a favor da ENTIDADE por un importe de vinte e oito mil euros (28.000,00 €), gasto imputable á aplicación 51.231.48050, coa finalidade de financiar os gastos derivados dun programa de violencia filio parental en A Coruña durante o ano 2023.

7. Que a LXS dispón no seu artigo 22.2 que poderán concederse de forma directa as subvencións que se recollan de xeito nominativo nos orzamentos, nos termos establecidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións. O artigo 28 establece que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar estas subvencións.

8. Que, podendo iniciarse o procedemento de concesión tanto de oficio como a petición da entidade interesada, A ENTIDADE, atendendo o requirimento municipal, presentou por rexistro o día 05/05/2023 a documentación necesaria para a subscrición do convenio. Despois de revisar a documentación presentada e os documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos que esixen a LXS e a Ordenanza Xeral de Subvencións da Área de Benestar do Concello da Coruña, a tenente de alcaldesa responsable da área de Igualdade, Benestar Social e Participación, por delegación da Xunta de Goberno Local (Acordo do 28/09/2019 publicado no BOP o 03/07/2019), resolve autorizar o gasto a conceder á ENTIDADE, unha subvención para contribuír ao financiamento das súas actividades por importe de 28.000,00 €, gasto imputable á aplicación orzamentaria 51.231.48050 e subscribir un convenio de colaboración entre ámbalas dúas entidades, co fin de colaborar na consecución do fin social e xeral descrito.

Unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 5 da Ordenanza por parte da entidade e por todo o exposto, as dúas partes acordan asinar o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- Obxecto da axuda e período de realización da actividade

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración entre O CONCELLO e A ENTIDADE, co fin de financiar os gastos derivados dun programa de violencia filio parental en A Coruña durante o ano 2023.

A especificación da finalidade citada consta descrita na memoria achegada pola entidade en data 05/05/2023 e que se adxunta ao presente convenio como anexo.

En calquera caso as actividades e o proxecto que ten cabida neste convenio desenvolverase entre o



01 de xaneiro e o 31 de decembro do ano en curso.

SEGUNDA.- Normativa reguladora

A normativa reguladora das accións contempladas neste convenio de colaboración está conformada pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu Regulamento de desenvolvemento; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e a Ordenanza Xeral de Subvencións da Área de Benestar do Concello da Coruña.

TERCEIRA.- Obrigacións do CONCELLO

O CONCELLO comprométese a outorgarlle á ENTIDADE a cantidade de 28.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 51.231.48050.

CUARTA.- Financiamento da actividade

A actividade financiarase coa achega municipal establecida na cláusula segunda deste convenio.

En relación co artigo 32 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS (en diante, RLXS), enténdese que o orzamento municipal estableceu a achega municipal como un importe certo, sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total e que, en consecuencia, será por conta do beneficiario a diferenza de financiamento que resulte necesaria para a total execución da actividade subvencionada.

Se o custo total da actividade fose inferior ao importe do financiamento público, procederá ó reintegro do importe que supere o custo total da actividade, de acordo co art. 32.2 do RLXS.

Esta subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, sempre que non se supere o custo da actividade subvencionada, sen prexuízo do que puidese establecer a normativa reguladora aplicable.

De conformidade co disposto no artigo 34 do RLXS, de ser compatible a dita achega con outras subvencións, cando se produza un exceso das cantidades percibidas de distintas entidades públicas con respecto do custo total da actividade e fosen compatibles entre si, A ENTIDADE deberá



reintegrar o exceso ás entidades concedentes en proporción ás subvencións concedidas por cada unha delas. No caso de que o CONCELLO advertise un exceso de financiamento esixirá o reintegro do importe total dese exceso ata o límite da subvención abonada en virtude deste convenio.

A achega municipal non poderá superar o déficit resultante do orzamento inicial no que se reflicte o financiamento previsto, no momento da concesión, nin o déficit final da actividade, no momento da xustificación.

QUINTA.- Obrigas da ENTIDADE beneficiaria

A ENTIDADE comprométese a que todo o persoal dedicado á realización de actividades que impliquen contacto habitual con menores cumpra co requisito previsto no artigo 57.1 da Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia, asinando unha declaración responsable que está incluída no formulario da solicitude.

A ENTIDADE comprométese a destinar os fondos que lle achegue o CONCELLO á finalidade prevista, que se desenvolverá no exercicio ao que se refire este convenio, e a presentar a documentación xustificativa nos termos establecidos neste convenio.

A ENTIDADE comunicará por escrito e de xeito motivado, nun prazo máximo dun mes dende a notificación da concesión da subvención calquera modificación dos datos que identifican o proxecto ou dos aspectos substanciais dos obxectivos previstos, para a súa aprobación.

A ENTIDADE comunicárase co CONCELLO exclusivamente a través de medios electrónicos, de acordo co artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en diante LPACAP) e remitirá tanta documentación destine ao CONCELLO ou ben a través do seu rexistro electrónico sito na sede electrónica da devandita administración (<https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/tramites?method=enter>), ou ben a través dos restantes rexistros electrónicos aos que fai referencia o artigo 16.4 da LPACAP.

A ENTIDADE comprométese a comunicarlle ao CONCELLO, nun prazo máximo dun mes desde que tivese coñecemento da concesión, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, que procedan de calquera outra administración pública, ente público ou privado, nacional ou internacional, que financien ditas actividades. Esta comunicación deberá efectuarse, en todo caso, antes de xustificar a aplicación dada aos fondos percibidos.



Todas as actuacións desenvolvidas pola ENTIDADE, serán obxecto de seguimento polo persoal técnico municipal, polo que A ENTIDADE someterase a todas as actuacións de verificación económica e técnica necesarias a realizar polo Concello da Coruña para comprobar o cumprimento da lexislación española ao mesmo tempo, calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes: Intervención Xeral Municipal, Consello de Contas de Galicia e Tribunal de Contas, achegando tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores (artigo 14.1.c da Lei Xeral de Subvencións).

A ENTIDADE comprométese a dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cuantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

A ENTIDADE comprométese a conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

A ENTIDADE comprométese a reintegrar os fondos percibidos nos supostos que procedan.

A ENTIDADE comprométese ao cumprimento estrito das disposicións en vigor ou que se diten durante a vixencia deste convenio, incluído o convenio colectivo do sector, no que se refire ao pagamento de salarios mínimos por categorías profesionais, cotas da Seguridade Social, mutualismo laboral, etc. O persoal que se empregue para a realización da finalidade do proxecto subvencionado non terá ningunha relación laboral co CONCELLO. Este estará facultado para levar a cabo a inspección do cumprimento desta obriga.

A ENTIDADE comprométese a ter ao día baixo a súa responsabilidade cantas licenzas e autorizacións de organismos competentes en materia de sanidade, traballo, educación, facenda ou calquera outros, se precisen para o desenvolvemento da actividade.

En todas as accións, publicidades ou presentacións públicas que se deriven da execución do convenio, deberá facerse constar de maneira expresa a colaboración que presta o CONCELLO, debendo incorporarse de forma visible o seu logotipo oficial, regulado no Manual de Imaxe Corporativa do CONCELLO: (<https://www.coruna.gal/web/es/ayuntamiento/administracion/imagen-corporativa?argldioma=é>).

No marco da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes,



da Lei 11/2007, do 27 de xullo, Galega para a Prevención e o Tratamento Integral da Violencia de Xénero e da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola Igualdade de Trato e a Non Discriminación de Lesbianas, Gais, Transexuais, Bisexuais e Intersexuais en Galicia, o Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade e o artigo 42 da Ordenanza Municipal para a Igualdade e Diversidade do Concello da Coruña (BOP 204 de 25/10/2019), a ENTIDADE comprométese a:

- Á igualdade entre mulleres e homes no trato, a igualdade nas oportunidades de acceso ao emprego, clasificación profesional, promoción, permanencia, formación, extinción, retribucións, calidade e estabilidade laboral, duración e ordenación da xornada laboral, así como de adopción de medidas para previr o acoso sexual e o acoso por razón de sexo no traballo
- Facer un uso non sexista da linguaxe en todos os documentos e soportes que produza
- Medidas para favorecer a conciliación e a corresponsabilidade na vida persoal, familiar e laboral das persoas adscritas á execución do convenio
- Evitar e previr os prexuízos, prácticas e utilización de expresións verbais e imaxes fundadas sobre a idea da superioridade ou inferioridade dun ou outro sexo, ou sobre os roles femininos e masculinos estereotipados ou doutros colectivos da sociedade diversa
- Utilizar unha información, comunicación e iconografía non sexista
- Evitar en todas as informacións, comunicacións, iconografía e escritos que xeren calquera fórmula que reflecta ou transmita ideas ou actitudes discriminatorias por razón de sexo ou de xénero
- Evitar a discriminación por razón de sexo nas actividades que desenvolvan de acordo coa finalidade deste convenio
- Establecer medidas e mecanismos que contribúan a promocionar a igualdade entre mulleres e homes na diversidade. Para iso, comprométese a presentar, na memoria xustificativa, a desagregación por sexo dos datos das persoas beneficiarias dos proxectos e das persoas traballadoras da asociación
- No seu caso, as accións de prevención de riscos laborais e a saúde incluírán a perspectiva



de xénero e adaptarán o seu contido ás características diferenciadas de sexo

A ENTIDADE comprométese a cumprir coas demais obrigacións impostas pola Ordenanza Xeral de Subvencións da área de Benestar do Concello da Coruña (Aprobada definitivamente polo Pleno do Concello da Coruña o día 11 de abril de 2005. Texto íntegro BOP 19/02/2005), a Lei Xeral de Subvencións, 38/2003, e as demais normas de desenvolvemento que lle resultan de aplicación.

SEXTA.- Gastos subvencionables

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade obxecto de subvención e leven a cabo entre o 01 de xaneiro e o 31 de decembro do ano en curso, incluíndo os efectuados antes da sinatura do convenio, tales como gastos de persoal, de profesionais, subministracións e servizos efectuados por provedores, etc. En todo caso, deberá acreditarse de xeito fidedigno no xustificante de gasto que está directamente relacionado coa actividade e que está efectivamente pagado antes da data de finalización do prazo de presentación da xustificación establecido na cláusula novena.

En consecuencia, unicamente serán admitidos xustificantes de gastos realizados entre o 01 de xaneiro e o 31 de decembro do ano 2023. Con todo, naqueles casos nos que os gastos fosen devindicados e realizados no final do período da vixencia do convenio poderán admitirse os xustificantes (factura ou documento equivalente) que fosen expedidos ata o día 20 do mes de xaneiro de 2024, así como os pagamentos fiscais cuxo período de liquidación finaliza con posterioridade ao 31 de decembro de 2023.

En particular, considéranse gastos subvencionables aqueles que, ademais de recollerse expresamente na súa solicitude, respondan de maneira indubidable á natureza da actividade subvencionada, tales como:

- Gastos de funcionamento da entidade necesarios para o desenvolvemento da actividade obxecto da subvención, tales como: gastos de persoal directa e indubidabelmente vinculados ao exercicio da actividade subvencionada, incluídos desprazamentos e aloxamentos cos requisitos e condicións legal e regulamentariamente establecidos, gastos de profesionais, adquisición de medios, materiais e de consumo vinculados ao obxecto da actividade subvencionada; seguros; gastos de profesionais; alugueres de equipos, maquinarias e/ou inmobles vinculados directamente á actividade subvencionada.



No caso de que se imputen custos de persoal que desenvolve tarefas en varios proxectos ou actividades diferentes será necesario especificar as tarefas realizadas e o tempo dedicado ás mesmas proporcionando en todo caso evidencias acerca da súa dedicación efectiva ao proxecto subvencionado.

Non serán válidos as porcentaxes de imputación dos custos de persoal establecidos de maneira aleatoria e cuxa xustificación resulta insuficiente para acreditar a súa dedicación efectiva ao proxecto, tendo en conta a súa xornada laboral e a súa dedicación a outros proxectos ou tarefas diferentes ás subvencionadas.

- Outros gastos correntes directamente relacionados e necesarios para o desenvolvemento da actividade ou proxecto obxecto de subvención: publicidade, carteleira, dípticos; subministracións e/ou outros servizos profesionais (son, imaxe), etc.

Os gastos que se realicen apartándose do proxecto ou fóra do seu prazo de execución non serán subvencionables.

Non serán subvencionables os gastos derivados de agasallos e atencións protocolarias, así como tampouco, os que se deriven da adquisición de gastos suntuarios ou outros que poidan considerarse liberalidades.

En ningún caso o custo de adquisición dos conceptos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Só serán subvencionables os gastos correntes realizados no período de vixencia do convenio, incluíndo os efectuados antes da súa sinatura. Non serán subvencionables os gastos de investimento nin os de natureza inventariable.

En relación cos gastos indirectos ou gastos xerais da entidade serán subvencionables en función dos seguintes criterios:

- a) No caso de que se financien actividades xerais da entidade, será subvencionable o 100% e debe xustificarse o gasto mediante o correspondente xustificante e acreditando o seu pagamento efectivo, nos termos establecidos no presente convenio.
- b) No caso de que se financien actividades ou proxectos concretos da entidade, poderanse



imputar á conta xustificativa de gastos xerais da entidade, sempre que tivesen relación coa actividade financiada, ata un 20% do orzamento da actividade presentándoo coa solicitude, ou do gasto executado se é menor, mediante os correspondentes xustificantes de gasto e acreditando o pagamento efectivo dos mesmos.

Con todo, a entidade poderá optar por imputar como gastos xerais ata un 10% do importe do gasto executado, sen necesidade de presentar ningún xustificante. Neste caso non se poderá imputar á conta xustificativa ningún outro gasto de carácter xeral, salvo que se acredite de maneira fidedigna, cos xustificantes de gasto, que se trata dun gasto directo e necesario para desenvolver a actividade. En ningún caso poderanse combinar ambas as posibilidades.

- c) Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e de rexistro, e os gastos periciais non poderán ser considerados gastos indirectos, sendo subvencionables só no caso de que se traten de gastos relacionados directamente coa actividade subvencionada e sexan imprescindibles para a adecuada preparación ou execución da mesma. En ningún caso serán subvencionables os intereses debedores das contas bancarias, os intereses, as recargas e as sancións administrativas e penais nin os gastos de procedementos xudiciais.

SÉTIMA.- Subcontratación

1. Enténdese que A ENTIDADE subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos en que teña que incurrir o beneficiario para a realización da actividade subvencionada.

2. A ENTIDADE unicamente poderá subcontratar, total ou parcialmente, a actividade cando a normativa reguladora da subvención así o prevexa. A actividade subvencionada que A ENTIDADE subcontrate con terceiros **non excederá do 50% do importe da subvención.**

En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non acheguen valor engadido ao contido da mesma.

3. Cando a actividade concertada con terceiros exceda do 20% do importe da subvención e devandito importe sexa superior a 60.000,00 euros, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos seguintes requisitos:



- a) Que o contrato se celebre por escrito
 - b) Que a celebración do mesmo se autorice previamente pola entidade concedente da subvención na forma que se determine nas bases reguladoras
4. Non poderá fraccionarse un contrato co obxecto de diminuír a contía do mesmo e eludir o cumprimento dos requisitos esixidos no apartado anterior.
5. Os subcontratistas quedarán obrigados só ante A ENTIDADE que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á Administración.
6. A efectos do previsto no apartado anterior, A ENTIDADE será responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites que se establezan na normativa reguladora da subvención en canto á natureza e contía de gastos subvencionables, e os subcontratistas estarán suxeitos ao deber de colaboración previsto no artigo 46 da LXS para permitir a adecuada verificación do cumprimento dos devanditos límites.
7. En ningún caso poderá concertarse pola ENTIDADE a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:
- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 13 da LXS
 - b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de subcontratación
 - c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, a menos que devandito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou os servizos prestados
 - d) Persoas ou entidades vinculadas coa ENTIDADE, salvo que concorran as seguintes circunstancias:
 - Que a contratación se realice de acordo coas condicións de mercado
 - Que o importe subvencionable non exceda do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo **realizarase na xustificación da subvención pola beneficiaria cos custos reais e acreditados da entidade vinculada contratada polo/a beneficiario/a**, nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos da ENTIDADE
 - Que se obteña a previa autorización expresa do órgano concedente do seguinte modo:
 - O interesado deberá solicitar autorización con carácter previo ao desenvolvemento da actividade subvencionada



- O órgano concedente deberá adoptar un acordo, con anterioridade á execución da actividade subvencionada, indicando o terceiro ou terceiros cos que se contratará e os servizo/s ou subministracións que poden ser obxecto de contratación

OITAVA.- Aboamento da subvención

Con carácter xeral, o recoñecemento da obriga a favor da ENTIDADE e o pagamento da achega realizaranse despois de ter presentada e aprobada a xustificación nos termos establecidos neste convenio. Ditarase resolución declaratoria da perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da LXS.

Tamén poderán realizarse pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Neste caso, A ENTIDADE deberá solicitalo expresamente e deberá constituír unha garantía do 2% do importe total da subvención, que se realizará mediante a retención do pagamento polo CONCELLO, xa sexa sobre o primeiro pagamento anticipado ou sobre varios, ata alcanzar esta contía. Unha vez efectuada a debida xustificación e se non existise responsabilidade por parte da ENTIDADE, procederase a devolver a cantidade retida en concepto de garantía.

Non poderá pagarse a subvención en tanto A ENTIDADE non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co CONCELLO, coa Axencia Tributaria e a Seguridade Social ou mentres sexa debedor, por resolución de reintegro. Neste sentido sinalar que de conformidade co artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o Concello da Coruña solicitará as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, e o propio Concello da Coruña, para verificar o cubro deste apartado.

Con todo, a persoa solicitante ou o seu representante poderán opoñerse expresamente á consulta ou obtención da documentación sinalada, debendo neste caso, presentar a documentación acreditativa nos termos previstos regulamentariamente, achegando as certificacións acreditativas.

O importe da subvención está vinculado ao orzamento total da actividade e, en ningún caso, poderá ser superior ao déficit da mesma. A entidade beneficiaria deberá xustificar que realizou a actividade nos termos da memoria presentada ou, no seu caso, da reformulación realizada.

O recoñecemento da obrigación queda condicionado ao peche con conformidade da xustificación do



ano ou anos anteriores. Unha vez pechada conforme a xustificación, poderase continuar coa tramitación para facer o pagamento anticipado.

NOVENA.- Xustificación

Unha vez que remate a actividade, ou ben cando A ENTIDADE realizase gastos por importe igual ou superior ao orzamento presentado e, en todo caso, antes de que transcorran **dous meses** desde a perda de vixencia do convenio, A ENTIDADE deberá presentar a seguinte documentación, para os efectos da xustificación, que en todo caso deberá incluír todos os gastos e ingresos da actividade, sen que poidan nin deban excluírse ningún recurso (propio ou alleo) que o financie nin ningún gasto da actividade aínda que os gastos totais sexan superiores á subvención.

- Impreso de presentación de solicitude de xustificación cubrindo o modelo Anexo J.0 que inclúe a xustificación das desviacións do balance con respecto ao orzamento inicial, se procede, para comprobar a medida na que se axustou o balance ao orzamento inicial. Neste sentido, o importe da subvención está vinculado ao orzamento total presentado e nunca superará o déficit da actividade. No caso de que o balance reflicta desviacións á baixa respecto do orzamento inicial, resolverase o reintegro da achega municipal polo importe que pase do custo total da actividade.

- A memoria que acredite que a actividade foi realizada, así como o grao de cumprimento dos obxectivos mediante a cubrición do Anexo J.1. A ENTIDADE deberá xustificar que realizou a actividade nos termos da memoria inicial presentada.

- O balance de ingresos e gastos efectivamente realizados con motivo da actividade, de maneira que se poida comprobar que se axustou ao orzamento inicial, cuberto segundo o Anexo J.2. Este balance incluírá o importe das desviacións orzamentarias e das subvencións e demais ingresos xerados con motivo da actividade ou proxecto subvencionado.

- A relación clasificada e detallada dos gastos da actividade con indicación do acreedor, NIF, número de xustificante de pagamento, data de emisión, importe, concepto e data do pagamento mediante a cubrición do anexo J.3. A orde dos documentos xustificativos que se presenten debe coincidir coa numeración do anexo J.3.

- Con independencia do seu reflexo no balance do anexo J.2, deberá presentarse unha certificación actualizada das subvencións e demais ingresos xerados con motivo da actividade ou proxecto subvencionado, mediante a cubrición do modelo Anexo S.3



Xustificarse o gasto con facturas de xeito preferente, aínda que se poderán admitir outros documentos de igual valor probatorio aceptados no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. As facturas e os xustificantes de valor equivalente deberán reunir os requisitos que establece o artigo 6 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que regula as obrigas de facturación.

No caso de facturas emitidas por persoas físicas en concepto de servizos profesionais, A ENTIDADE estará obrigada a reter o IRPF, cos límites e excepcións que establecen a Lei e o Regulamento do imposto, debéndose acreditar cos modelos 111 e 190 da AEAT e os correspondentes xustificantes de pagamento.

No caso de que a subvención outorgada se destine a pagar a persoas físicas pola prestación de servizos retribuídos, ao pagamento de premios ou ao pagamento de axudas de custo, A ENTIDADE vén obrigada a reter o IRPF, cos límites e excepcións que establecen a Lei, Regulamento do imposto, ou as demais disposicións regulamentarias en vigor, debendo acreditarse o ingreso na AEAT cos modelos 115 e 180 da AEAT e os correspondentes xustificantes de pagamento.

No caso de imputarse gastos de persoal, achegaranse as nóminas e será obrigatoria a presentación dos documentos RLC e RNT (Recibos de Liquidación de Cotizacións e Nominal de Traballadores respectivamente) debidamente validados. O RLC deberá estar selado pola oficina recadadora e/ou ir acompañado do xustificante bancario de pagamento, aínda no caso de que non se imputen custos de seguridade social. O modelo RNT deberá estar asinado pola persoa autorizada en caso de que as nóminas se confeccionen de xeito telemático polo Sistema RED. Asemade deberá achegarse o modelo 111 (declaración trimestral) e modelo 190 (resumo anual) da AEAT das retencións practicadas aos traballadores suxeitos ao IRPF e os correspondentes xustificantes de pagamento.

Atendendo ao artigo 31.3 da LXS, cando A ENTIDADE contrate un servizo por un importe superior a 15.000,00 €, IVE EXCLUÍDO, deberá achegar xunto coa xustificación tres orzamentos solicitados a tres provedores diferentes referidos ao devandito servizo.

A acreditación do pagamento efectivo de cada un dos gastos. Só se considera gasto realizado o que foi efectivamente pagado antes de rematar o período de xustificación.

Os pagamentos en efectivo serán a excepción. Admitiranse pagamentos individualizados en efectivo por importes de ata 250,00 €. No caso de que o pagamento estea fraccionado en varios pagamentos, o límite de 250,00 € entenderase para o conxunto dos devanditos pagamentos fraccionados. En todo



caso, o máximo permitido en pagamentos en efectivo non poderá exceder o 3% do importe concedido ou do importe executado se este fose inferior ao concedido inicialmente.

Para xustificar os pagamentos en efectivo deberá achegarse un recibo no que conste que o importe foi satisfeito ao emisor, con identificación da factura que lle corresponde, ou ben que na propia factura ou xustificante de gasto conste que recibiu o importe e a data en que o recibiu, quedando así acreditada a conformidade da persoa contratista ou provedora.

En consecuencia, para acreditar a realización do pagamento de gastos superiores a 250,00 €, o sistema será a transferencia bancaria ou a domiciliación bancaria dos gastos, debendo acompañarse a factura do xustificante de pagamento bancario (extracto bancario, debo ou movemento bancario). Se o pagamento se realiza mediante talón ou cheque deberá achegarse ademais copia do mesmo, ademais do extracto do movemento bancario, que acredite que o destinatario o fixo efectivo.

Todos os pagamentos relacionados coa finalidade deste convenio suxírese que se realicen dende unha única conta bancaria, non podendo subvencionarse pagamentos realizados con cargo a contas nas que o titular non sexa a propia entidade.

Tamén se considerará efectivamente pagado un gasto coa cesión do crédito ou do dereito de cobro da subvención a favor dos acredores por razón do gasto realizado, así como coa entrega de efecto mercantil garantido por unha entidade financeira ou compañía de seguros.

O CONCELLO resérvase o dereito a comprobar, polos medios que estime oportunos, que a xustificación é correcta. Polo tanto, A ENTIDADE quedará obrigada a facilitar tanta información lle requira o servizo xestor, a Intervención Xeral e os órganos competentes para a censura de contas.

DÉCIMA.- Reintegro

Esixírase o reintegro das cantidades percibidas e os intereses de demora correspondentes dende o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes casos:

- Obter a subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que puidesen impedir a súa consecución.
- Incumprir de xeito total ou parcial o obxectivo, a actividade, o proxecto ou non adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.



- Incumplir a obriga de xustificación ou xustificar de xeito insuficiente nos termos establecidos neste convenio.
- Incumplir a obriga de adoptar as medidas de difusión contidas na cláusula cuarta deste convenio.
- Ofrecer resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da LXS, así como incumplir as obrigas contables, de rexistro ou de conservación de documentos cando diso se derivase a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- No caso da concorrer varias subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, cando o importe do financiamento público supere o custo da actividade, reintegrarase o importe do exceso producido.
- No caso de xustificar fora do prazo sinalado na cláusula sétima, e despois do requirimento efectuado de acordo co sinalado no artigo 70.3 do regulamento da LXS.
- E nos demais supostos que prevén a LXS e a Ordenanza.

En calquera caso producirase o reintegro total en caso de xustificacións inferiores ao 50% do importe concedido. Para xustificacións superiores ao 50% pero inferiores ao importe concedido deberá realizarse unha devolución da parte non xustificada.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Publicidade das subvencións

De conformidade co artigo 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, as subvencións e axudas públicas concedidas con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e a entidade/persoa beneficiaria será obxecto de publicación no Portal da Transparencia do Concello da Coruña (<https://www.coruna.gal/transparencia/es/claridad-en-a-gestion/subvencions-e-axudas>).

Por ese motivo, A ENTIDADE queda suxeita así mesmo a fornecer de forma periódica, actualizada, clara, veraz, obxectiva e accesible a información relevante para garantir a transparencia, facilitar o control cidadán da actuación pública e fomentar a participación, previo requirimento da



administración municipal, para garantir o deber de publicidade activa do Concello da Coruña cumprindo coas esixencias da Lei 19/2013.

O Concello da Coruña, en cumprimento do establecido no artigo 20 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, publicará as subvencións concedidas na Base de datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO SEGUNDA.- Vixencia do convenio

A vixencia deste convenio será anual, e contarase dende o 01 de xaneiro ata o 31 de decembro do presente ano.

DÉCIMO TERCEIRA.- Causas de resolución do convenio

De acordo co artigo 51 da Lei 40/2015 do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, o presente convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer algunha das seguintes causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo segunda
- b) O acordo unánime de todos os asinantes
- c) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.

- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista nas leis

DÉCIMO CUARTA.- Comisión de Seguimento, vixilancia e control

Segundo o artigo 49, apartado f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público establécese como contido mínimo dos convenios a existencia de *“mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos*



asinantes. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan exporse respecto de os convenios.”

De acordo coa normativa vixente:

1. Constituirase unha Comisión de seguimento, vixilancia e control do convenio entre A FUNDACIÓN AMIGÓ e o Concello da Coruña que ten como finalidade de financiar os gastos derivados dun programa de violencia filio parental actividade que se desenvolverá durante o exercicio 2023.
2. A comisión constituirase no prazo dun mes desde a súa entrada en vigor.
3. A composición será paritaria e constará de seis membros: tres representantes da FUNDACIÓN AMIGÓ e tres representantes do Concello da Coruña.
4. As súas funcións serán:
 - a) Seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes
 - b) Resolución dos problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto ao convenio
 - c) Mediación nas discrepancias que se poidan producir na interpretación efectuada por cada unha das partes
 - d) Aqueloutras funcións que resulten necesarias ou convenientes, con acordo das partes, que tendan a unha maior eficacia do convenio
5. A comisión quedará validamente constituída cando asistan a maioría dos membros de cada unha das partes.
6. Os acordos adoptaranse por maioría simple de cada unha das partes.
7. A comisión reunirse cando así o solicite a maioría dunha das partes podendo celebrarse por medios electrónicos conforme aos artigos 15 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

DÉCIMO QUINTA.- Protección de Datos

Ambas as partes comprométense a cumprir co disposto na lexislación vixente de protección de datos, e en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello (RGPD), do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao



tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD) e cantas outras normas sexan de aplicación, así como as obrigacións e as responsabilidades que se deriven das mesmas. A ENTIDADE, en canto ao tratamento de datos de carácter persoal relativos ao presente Convenio, é encargada do tratamento, sendo o Concello da Coruña responsable do tratamento. Como encargada, a ENTIDADE queda obrigada ao cumprimento das obrigacións dispostas no artigo 28 do RGPD e no artigo 33 da LOPDGDD, e en concreto:

- A tratar unicamente aquela información de carácter persoal necesaria para a correcta execución e finalidade do presente Convenio
- Non empregar os datos persoais para fins propios
- Realizar o tratamento de datos conforme ás instrucións do Concello da Coruña
- Levar un rexistro das actividades de tratamento efectuadas por conta do Concello da Coruña
- Asistir ao Concello da Coruña no exercicio dos dereitos por parte das persoas usuarias afectadas polo Convenio
- Non comunicar os datos a terceiras persoas ou entidades, salvo que conte coa autorización expresa do Concello da Coruña ou nos supostos legalmente admisibles
- Manter o deber de secreto respecto a os datos de carácter persoal que tivese acceso en virtude do presente convenio, mesmo despois de que finalice o seu obxecto, así como garantir que as persoas autorizadas para tratar datos persoais comprométanse, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes
- Aplicar as medidas técnicas e organizativas apropiadas para garantir un nivel de seguridade adecuado ao risco, de acordo co establecido no artigo 32 do RGPD
- Notificarlle ao Concello da Coruña, sen dilación indebida, e en calquera caso antes do prazo máximo establecido legalmente, as violacións da seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento, xuntamente con toda a información relevante para a documentación e comunicación da incidencia
- A elección do Concello da Coruña, suprimir ou devolver todos os datos persoais unha vez finalice a prestación dos servizos de tratamento, así como calquera soporte ou documento en que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento. Con todo, a ENTIDADE poderá conservar unha copia, cos datos debidamente bloqueados, mentres poidan derivarse responsabilidades da execución da prestación
- Poñer ao dispor do Concello da Coruña, se fose preciso, toda a información acreditativa do cumprimento das obrigacións respecto ao encargo do tratamento



DÉCIMO SEXTA.- Responsabilidade

A ENTIDADE queda sometida ao réxime de responsabilidade e sancionador establecido no Título IV da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

DÉCIMO SÉTIMA.- Natureza

Este convenio ten carácter administrativo e rexerase polas normas que serviron de base á concesión da subvención e pola restante lexislación vixente na materia. As posibles cuestións litixiosas ou controversias ás que poida dar lugar a aplicación, interpretación, modificación, efectos e resolución do presente convenio, serán resoltas, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Ambas as partes sométense expresamente á xurisdición dos tribunais desta capital, co que A ENTIDADE renuncia ao foro do seu propio xuíz e domicilio.

Para o disposto neste convenio, serán de aplicación a Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e o seu Regulamento; a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; e a Ordenanza Xeral de Subvencións da área de Benestar do Concello da Coruña.

En proba de conformidade, asinamos este convenio, na data da sinatura electrónica,

Pola parte do Concello

A Concelleira delegada de Igualdade, Benestar
Social e Participación (Por Decreto nº3439/2023 de
18/05/2023)

Pola parte da Entidade

O Representante

Eudoxia María Neira Fernández

Jose Antonio Morala Salamanca